



ACTA Nº 2025/8

Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación

Sala de sesións da casa do Concello, mércores 23 de xullo de 2025

No día de hoxe, ás 09:03 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se as concelleiras e concelleiros que se indican, coa asistencia do secretario en réxime de acumulación que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSOE

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Mario Andujar Mouzo

D. Manuel Pose Tomé

D. Sergio Miñones Oanes

D.^a Beatriz Pazos Nimo

D.^a Josefa Campos Villar

BNG

D. Benjamin Queiro Pérez

D.^a María Lorena Suárez Pazos

Grupo Mixto-PP

D. José Manuel Rodríguez Blanco

SECRETARIO/A:

D. Constantino Cobas Coteló, en réxime de acumulación

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidente, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na:



ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de maio de 2025.

2º. Proposta non ditaminada sobre a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal núm.17 reguladora da taxa pola prestación de servizos e utilización de instalacións culturais, educativas, deportivas e análogas de titularidade municipal. Exp. 2025/G016/000001.

3º. Proposta non ditaminada sobre a solicitude de financiación á Deputación da Coruña para o proxecto de actividades singulares: Vimianzo mola e asalto ao Castelo. Exp. 2025/A008/000042.

4º. Ditame sobre solicitude de bonificación do ICIO solicitada por Proyectos Climáticos de Galicia, S.L. por mor das obras de construción de edificación industrial destinada a almacén de empresa instaladora de climatización de frío industrial, situada na parcela P-4 do parque empresarial. Exp. 2025/X999/000127.

5º. Ditame sobre aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 2025/SC/04, na modalidade de suplemento de crédito. Exp. 2025/T002/000022.

6º. Ditame sobre a designación de festivos locais para o ano 2026. Exp. 2025/X999/000137.

7º. Ditame sobre a prórroga do contrato administrativo para a concesión de obra pública coa finalidade de construír e explotar o nomeado "Parque eólico singular O Barrigoso" de Vimianzo. Exp. 2025/C006/000001.

8º. Ditame sobre moción presentada polo grupo municipal do BNG sobre a situación do idioma propio de Galicia e a adopción de medidas para a súa normalización.

9º. Ditame sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2025. Exp. 2025/A008/000046.

B) Sección de control

10º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

11º. Mocións de urxencia.

12º. Rogos e preguntas.



A continuación comeza o debate plenario da orde do día:

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de maio de 2025.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación a citada acta.

Ao non manifestar ningunha observación sobre a mesma, queda aprobada por unanimidade dos presentes, a acta da sesión celebrada o 28 de maio de 2025.

2º. Proposta non ditaminada sobre a aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal núm. 17 reguladora da taxa pola prestación de servizos e utilización de instalacións culturais, educativas, deportivas e análogas de titularidade municipal. Exp. 2025/G016/000001

Dáse conta pola Alcaldesa da proposta de aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal núm 17 reguladora da taxa pola prestación de servizos e utilización de instalacións culturais, educativas, deportiva e análogas de titularidade municipal, e dá lectura ás tarifas dos epígrafes 1, 2, 3 e 4 da Ordenanza, así como das bonificacións que se regulan na mesma.

A continuación repródúcese a dita proposta:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: Aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal núm. 17 reguladora da taxa pola prestación de servizos e utilización de instalacións culturais, educativas, deportivas e análogas de titularidade municipal.

Na actualidade o Concello de Vimianzo conta coa Ordenanza Fiscal núm. 17, reguladora da taxa pola prestación de servizos e utilización de instalacións culturais, educativas, deportivas e análogas de titularidade municipal, publicada no BOP de 5 e abril de 2010.

Esta ordenanza recolle os feitos impositivos e as tarifas aplicables a diversas actividades culturais e deportivas de verán, escolas culturais e deportivas, uso de instalacións municipais e ximnasio municipal. Así mesmo, establece os beneficios fiscais aplicables, os criterios de xestión e ingreso, e outras disposicións necesarias para a correcta aplicación da taxa.

Consta proposta de modificación da Ordenanza Fiscal núm. 17, co obxectivo de:

- - Mellorar a súa redacción técnica e claridade normativa.
- - Reestruturar os epígrafes tarifarios e actualizar os prezos das actividades e servizos.



- - Detallar e ampliar os beneficios fiscais por unidade familiar, idade, discapacidade e outros supostos.
- - Incorporar disposicións sobre xestión, límites de inscricións, usos lucrativos e devolucións.
- - Establecer criterios uniformes sobre documentación e requisitos de acceso a bonificacións.

Consta no expediente:

- A proposta de modificación da ordenanza asinada pola Alcaldía en data 15 de xullo de 2025.
- O texto refundido da ordenanza coa modificación incorporada.

O procedemento para a súa tramitación axústase ao previsto nos artigos 15 a 19 e 20.1 do TRLRHL (Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo).

En consecuencia, propónse ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de asuntos xerais, a adopción do seguinte, **ACORDO**

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal núm. 17 reguladora da taxa pola prestación de servizos e utilización de instalacións culturais, educativas, deportivas e análogas de titularidade municipal coas seguintes modificacións:

“ORDENANZA FISCAL NÚMERO 17 – PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS E UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS CULTURAIS, EDUCATIVAS, DEPORTIVAS E ANÁLOGAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

Artigo 1º.- Fundamentos de dereito

De acordo co previsto nos artigos 57 e 20 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (de aquí en diante TRLRFL), e de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 do citado texto legal, este Concello establece a taxa pola prestación de servizos e utilización das instalacións culturais, deportivas e análogas de titularidade municipal que se rexerán pola presente ordenanza.

Artigo 2º.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación de servizos e utilización das instalacións culturais e deportivas especificados nas tarifas contidas no artigo 6.º da presente ordenanza.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo

Serán suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que se benefician da utilización ou dos servizos ou actividades que constitúen o feito imponible da taxa.

Artigo 4º.- Responsables



1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo todas as persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.
2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigacións tributarias nas citadas entidades.
3. Os administradores das persoas xurídicas que non fagan os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigacións tributarias daquelas, responderán subsidiariamente das débedas seguintes:
 - a) cando se cometa unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.
 - b) cando se cometa unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda exixible.
 - c) nos supostos de cese da actividade da sociedade, do importe das obrigacións tributarias pendentes na data do cese.
4. A responsabilidade exixirase en todo caso, nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Beneficios fiscais

- Para as actividades correspondentes ao epígrafe 1 contéplase as seguintes bonificacións:
 - 1) Bonificación dun 25% do importe das cotas tributarias sinaladas nas Tarifas a aqueles suxeitos pasivos que formen parte de unidades familiares ás que se lle recoñece o título de familia numerosa de carácter especial.
- Para as actividades correspondentes ao epígrafe 2 contéplase as seguintes bonificacións:
 - Bonificación dun 25% do importe das cotas tributarias sinaladas nas Tarifas a aqueles suxeitos pasivos que formen parte de unidades familiares ás que se lle recoñece o título de familia numerosa de carácter especial.
 - Bonificación dun 25% do importe das cotas tributarias sinaladas nas Tarifas a aqueles suxeitos pasivos que pertencen ao colectivo de persoas con 65 anos ou máis.
 - Bonificación dun 25% do importe das cotas tributarias sinaladas nas Tarifas a aqueles suxeitos pasivos que pertencen á mesma unidade familiar e o número total de inscricións sexa superior a 2 ou máis por unidade familiar.
 - Bonificación dun 25% do importe das cotas tributarias sinaladas nas Tarifas a aqueles suxeitos pasivos que se inscriban a máis de 2 actividades.
- Para as actividades correspondentes ao epígrafe 4 contéplase as seguintes bonificacións:
 - Bonificación dun 25% do importe das cotas tributarias sinaladas nas Tarifas a aqueles suxeitos pasivos que formen parte de unidades familiares ás que se lle recoñece o título de familia numerosa de carácter especial.
 - Bonificación dun 25% do importe das cotas tributarias sinaladas nas Tarifas a aqueles suxeitos pasivos que pertencen ao colectivo de persoas cun grao de discapacidade superior ao 33%.
 - Bonificación dun 25% do importe das cotas tributarias sinaladas nas Tarifas a aqueles suxeitos pasivos que pertencen ao colectivo de persoas menores de 18 anos.



- Bonificación dun 25% do importe das cotas tributarias sinaladas nas Tarifas a aqueles suxeitos pasivos que pertencen ao colectivo de persoas con 65 anos ou máis.
- Bonificación dun 25% do importe das cotas tributarias sinaladas nas Tarifas a aqueles suxeitos pasivos que estean en posesión do carné xove.
- Supostos de non suxeición e beneficios fiscais para os epígrafes 1 e 2.
- Non están suxeitos ao pago dos prezos públicos, as persoas propostas desde o Departamento de Servizos Sociais, que participan activamente en programas de intervención familiar ou inclusión social. O Departamento emitirá informe social para cada persoa proposta, que indique a idoneidade da súa participación na actividade, obradoiro, campamento ou curso, así como a súa situación familiar e económica.
- Gozarán dunha bonificación do 100% do importe da cota tributaria sinalada na epígrafe 3 as entidades deportivas e culturais sen ánimo de lucro que estean incluídas no Rexistro Municipal de Entidades, sempre que se considere que a actividade a desenvolver é de interese xeral para o municipio.
- Os distintos descontos recollidos na presente ordenanza terán carácter non acumulable entre si. No caso de que unha persoa ou unidade familiar cumpra os requisitos para acollerse a máis dun desconto, aplicarase exclusivamente aquel que supoña maior beneficio económico para o suxeito pasivo, sen que poidan acumularse entres si.
- Definición de unidade familiar a efectos de aplicación de descontos fiscais

Para os efectos da presente ordenanza, entenderase por *unidade familiar* aquela conformada por:

- A formada polos cónxuxes non separados legalmente e, se os houbese:
 - o Os/as fillos/as menores de idade, agás que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan de maneira independente.
 - o Os/as fillos/as maiores de idade, que estean cursando estudos e dependan economicamente dos seus proxenitores, ata unha idade máxima de 25 anos.
 - o Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente e sometidos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Na ausencia de vínculo matrimonial, a formada por:
 - o Un proxenitor (pai ou nai), e
 - o A totalidade dos/as fillos/as que reúnan os requisitos sinalados no apartado anterior e que convivan con el/ela.

Artigo 6º.- Cota tributaria

A contía da taxa determinarase aplicando as tarifas seguintes:

Epígrafe 1: Actividades deportivas e culturais de verán. Tarifas

Actividade	Euros
Campamento Vimiverán	50€ / Quenda



Curso natación	15€ / Curso
Desconto Familia Numerosa	25%
<i>Para poder beneficiarse do desconto por condición de familia numerosa, será requisito imprescindible acreditar tal condición mediante a presentación do título oficial de familia numerosa en vigor. A documentación deberá presentarse no momento de solicitar o desconto e deberá estar vixente durante o período no que se pretenda aplicar a bonificación.</i>	

Epígrafe 2: escolas deportivas e culturais. Tarifas

Actividade	Euros / mes
Escola deportiva ou cultural (2 horas semanais)	10€
Escola deportiva ou cultural (1 hora semanal)	5€
Desconto xubilados	25%
<i>Desconto aplicado a persoas xubiladas ou pensionistas. Será efectivo dende a primeira actividade na que se inscriba, sen que sexa necesario acadar un número mínimo de actividades nas que se inscriba.</i>	
Desconto Familiar	25%
<i>Desconto por unidade familiar no caso de que o número total de inscricións supere as 2 actividades</i>	
Desconto por actividades	25%
<i>Desconto aplicado a inscricións de un único usuario (non unidade familiar) no caso de que o número total de inscricións supere as 2 actividades</i>	
Desconto por Familia Numerosa	25%
<i>Para poder beneficiarse do desconto por condición de familia numerosa, será requisito imprescindible acreditar tal condición mediante a presentación do título oficial de familia numerosa en vigor. A documentación deberá presentarse no momento de solicitar o desconto e deberá estar vixente durante o período no que se pretenda aplicar a bonificación.</i>	

Epígrafe 3: utilización de instalacións municipais. Tarifas

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal



Instalación		Euros
Pavillóns polideportivos	Uso libre	10€/h (ou fracción)
	Uso con fins lucrativos	250€/día
Pista de pádel	Uso libre	5€/h
Casa da Cultura: Auditorio	Uso con fins lucrativos sen técnico de son	250€/día
	Uso con fins lucrativos con técnico de son	500€/día
Casa da Cultura: Sala de conferencias	Media xornada (4 horas)	40€/ media xornada
	Xornada completa (8 horas)	60€/ xornada compl.
Aula da natureza do Val de Baiñas		50€/ día
Local de Bamiro		50€/día
Escolas unitarias		25€/día
Centro social e cultural de Baiñas		25/día

A efectos do cobro das tarifas do epígrafe 3 defínense os tipos de uso previstos para as distintas instalacións:

- Uso libre: para a veciñanza de xeito individual ou en grupo que empregan as instalacións para a práctica deportiva (no caso das instalacións deportivas), cultural ou lúdica (para o caso das demais instalacións) sen ánimo de lucro, sen público e sen venda de entradas.
- Uso con fins lucrativos: para a organización de eventos deportivos, culturais ou lúdicos nos que existe venda de entradas, produtos ou calquera outra forma de ingreso derivado da actividade organizada.

Epígrafe 4: utilización do ximnasio. Tarifas

Para poder ser aboado/a da instalación, é requisito imprescindible estar en posesión dun NIF (Número de Identificación Fiscal) ou NIE (Número de Identificación de Estranxeiro) válido. Este requisito é necesario para garantir a correcta identificación das persoas usuarias, facilitar a xestión administrativa e cumprir coa normativa vixente en materia fiscal e de control de accesos.

Tipo de abono	Euros / mes
Matrícula	10€
Abono individual adulto	20€
<i>Persoas con 18 anos ou máis que usa a instalación sen limitacións de</i>	



días e franxas horarias.	
Abono individual matinal	15€
<i>Persoa con 18 anos ou máis que usa as instalacións na franxa horaria de mañá (ata as 14:00)</i>	
Bonificacións de abonos	
Bonificación xubilados	Desconto 25%
<i>Persoa xubiladas ou pensionistas</i>	
Bonificación xuvenil	Desconto 25%
<i>Persoa menor de 18 anos</i>	
Bonificación discapacitado	Desconto 25%
<i>Persoa cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%</i>	
Bonificación Familia Numerosa	Desconto 25%
<i>Persoa que está en posesión do título de Familia Numerosa</i>	
Bonificación Carné Xove	Desconto 25%
<i>Abonados (ata 30 anos) que están en posesión do Carné Xove no momento de facer a matrícula</i>	
Entrada libre	Euros / sesión
Entrada libre adulto	3,50€
<i>Entrada diaria que permite o uso das instalacións sen limitación horaria en dita xornada. Prezo establecido para persoas entre os 18 e 64 anos.</i>	
Entrada libre especial	2,50€
<i>Entrada diaria que permite o uso das instalacións sen limitación horaria en dita xornada. Prezo establecido para persoas menores de 18 anos, persoas xubiladas ou pensionistas, persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%, ou persoas que teñen en vigor o Carné Xove ou o título de Familia Numerosa.</i>	
Adestramento de grupos reducidos	Euros / mes



Adestramento grupos reducidos (2 horas semanais)	8€ aboados 15€ non aboadado
<i>Adestramento de grupos reducidos en horario de pouca afluencia (horario de mañá, ata as 14h. e horario de tarde, ata as 18h). Grupo mínimo de 5 persoas e máximo de 10. Sesións de 60 minutos, 2 días semanais.</i>	
Adestramento grupos reducidos (3 horas semanais)	15€ aboados 20€ non aboadado
<i>Adestramento de grupos reducidos en horario de pouca afluencia (horario de mañá, ata as 14h. e horario de tarde, ata as 18h). Grupo mínimo de 5 persoas e máximo de 10. Sesións de 60 minutos, 3 días semanais.</i>	
Actividades dirixidas	Euros / mes
Outras actividades dirixidas (2 horas semanais)	10€ x actividade
<i>Actividades dirixidas como complemento da oferta deportiva do ximnasio municipal (pilates, ioga e outras de similares características) na que poden inscribirse tanto persoas aboadas como non aboadas. As persoas abonadas ao ximnasio terá preferencia sobre as non aboadas á hora de ocupar as prazas ofertadas para os distintos cursos.</i>	
Outras actividades dirixidas (3 horas semanais)	15€ aboados 20€ non aboadado

Artigo 7.- Devengo e período impositivo

A taxa devengarase no momento no que se conceda a utilización das instalacións ou se preste o servizo correspondente.

Artigo 8.- Normas de xestión e ingreso:

- O usuario poderá formalizar o pago das seguintes formas:
 - Nun único ingreso previo ao inicio da actividade. Neste caso deberá facer o pago nas oficinas municipais por medio da tarxeta de crédito, ou facer unha transferencia bancaria.
 - Domiciliación bancaria mensual.
- A non asistencia ás actividades contempladas nesta ordenanza non xerará á persoa obrigada ao pagamento, dereito de devolución dos prezos abonados, agás que se produza algunha das seguintes situacións:
 - Que a actividade, obradoiro, curso ou campamento, tivera alteracións na súa organización, por causas imputables a Administración.
 - Que a actividade, obradoiro, curso ou campamento non chegara a desenvolverse por causas imputables a esta Administración.



- No caso de que a persoa usuaria desexe darse de baixa do servizo, deberá solicitalo por escrito ante esta Administración para que deixen de emitirse os recibos correspondentes ata o remate do curso.

A solicitude de devolución deberá tramitarse conforme ao procedemento establecido na ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección tributaria.

A baixa na actividade deberá ser comunicada formalmente cun mínimo de 5 días naturais de antelación respecto ao remate do mes en curso. No caso de non respectarse este prazo, entenderase que a persoa usuaria continúa inscrita e procederase ao cobramento da seguinte mensuralidade, con independencia de que participe ou non na actividade durante ese período.

- Límite de actividades: establécese un límite máximo de 5 actividades por usuario no cómputo global das inscricións de actividades culturais e deportivas para as correspondentes ás indicadas no epígrafe 2.
- Inicio do curso non mensual: no caso de que o inicio da actividade non coincida co inicio dun mes natural, aplicárase a parte proporcional da cota mensual que corresponda polos días efectivamente prestados.
- Usos con fins lucrativos: o uso con fins lucrativos estará suxeito á correspondente autorización administrativa, mediante resolución da Alcaldía ou órgano delegado, sen prexuízo doutras esixencias normativas que resulten de aplicación.”

SEGUNDO. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, ao obxecto de que durante o prazo de 30 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación, os cidadáns poidan examinar o expediente e presentar reclamacións ou suxerencias que consideren oportunas.

TERCEIRO. No caso de que non se presenten reclamacións durante o período de exposición pública, o acordo de aprobación inicial entenderase automaticamente elevado a definitivo sen necesidade de novo acordo plenario.

CUARTO. O texto da ordenanza modificada será publicado integramente no BOP da Coruña e no Portal de Transparencia do Concello de Vimianzo, entrando en vigor desde a súa publicación no BOP.

En Vimianzo,
A alcaldesa,
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado dixitalmente)”

Aberto o turno de intervencións e logo da exposición, o voceiro do grupo mixto-PP Sr. Rodríguez Blanco pregunta pola forma de pagamento.

O voceiro do grupo municipal do BNG Sr. Queiro Pérez, aínda que está de acordo en que as actividades que se realicen, o concello debe cobralas posto que doutro xeito pode provocarse absentismo, pregunta pola gratuidade das instalacións para as actividades que realicen as asociacións sen ánimo de lucro. Tamen se interesa se as cantidades que se recauden pola



prestación destes servizos van a revertir nas escolas deportivas e na impartición e ofrecemento á veciñanza dun número maior de actividades.

Contesta a Sra. Alcaldesa, en relación á forma de pagamento que está prevista no art. 8 da ordenanza que regula as normas de xestión e ingreso. E que a Ordenanza está elaborada e traballada polos departamentos de Cultura e Deportes en base á experiencia de xestión dos últimos anos nesas materias.

Rematado o turno de intervención, pásase a votación da proposta e o Pleno do Concello por unanimidade dos seus membros presentes acorda aprobar a proposta en todos os seus termos.

3º. Proposta non ditaminada sobre a solicitude de financiación á Deputación Provincial da Coruña para o proxecto de actividades singulares: Vimianzo mola e asalto ao Castelo. Exp. 2025/A008/000042

O secretario en réxime de acumulación dá lectura íntegra da proposta da Alcaldía, de data 17 de xullo de 2025, que se reproduce a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO: SOLICITUDE DE FINANCIACIÓN Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O PROXECTO DE ACTIVIDADES SINGULARES 2025 : VIMIANZO MOLA E ASALTO AO CASTELO

EXPTE. TEDEC: 2025/A008/000042

ANTECEDENTES

O Concello de Vimianzo definiu o proxecto de actividades singulares para o 2025 que elaborou o Departamento de Cultura “VIMIANZO MOLA” e “ASALTO AO CASTELO”.

Consta a resolución de alcaldía nº 797/2025 con data 02/06/2025 na que se aprobaba a memoria, orzamento e solicitude de subvención para o proxecto de actividades singulares: Vimianzo MOLA e ASALTO, así como o calendario de actividades a realizar, que se inclúe na memoria.

Consta a Retención de Crédito, con data do 19/06/2025, coas seguintes referencias: Programa 238, Económica 48201, Referencia 22025000010 por importe 35.000€, Programa 338, Económica 22799, Referencia 22025002544 por importe 47.146,73€,

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O artigo 8.2 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (BOP núm.150 do 10/08/2021) recolle que, de xeito singular e excepcional, cando existan razóns de interese público, social, económico ou humanitario que imposibiliten a convocatoria pública e



como tal estean acreditadas nunha memoria emitida polo servizo competente, poderá acordar o Pleno da Corporación a concesión dunha subvención directa ou de carácter nominativo.

Tense en consideración a atribución concedida á Alcaldía polos artigos 21.1 b) d) s) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime Local.

Visto canto antecede, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de actividades singulares 2025 “VIMIANZO MOLA E ASALTO AO CASTELO” de orzamento 163,647,73 €co IVE incluído.

SEGUNDO.- Declarar a excepcionalidade e singularidade do proxecto “VIMIANZO MOLA E ASALTO AO CASTELO 2025”

TERCEIRO.- Aprobar a solicitude de axuda nominativa, e a realización do respectivo convenio coa Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento do proxecto “VIMIANZO MOLA E ASALTO” por importe de 163,647,73 €co IVE incluído, do que se solicita 81.501 euros.

CUARTO.- Autorizar á Deputación para que poida obter, en calquera momento da tramitación do expediente, as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

O que asino en Vimianzo,
A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordoñez”

Logo da lectura, pola Sra. Alcaldesa expónse a motivación do cambio na Deputación da proposta das seccións de Cultura e Turismo, e seguindo as indicacións da Deputación elaboráronse estes proxectos de “Vimianzo mola” que comprende a realización dunha Feira do libro comarcal e pintado de Murais, a celebrar no mes de setembro e tamén o proxecto do Asalto que ten carácter retroactivo posto que xa se celebrou.

O voceiro do Grupo Mixto-PP, Sr. Rodríguez Blanco intervéñ para manifestar que lle parece unha boa iniciativa.

O voceiro do BNG, Sr. Queiro Pérez intervéñ para manifestar que non ten o expediente que demandou polo que ao non ter información non pode fiscalizalo, entende a subvención para subvencionar o Asalto e a Feira do Libro e Murais.

A Sra. Alcaldesa ofrece á Técnica de Cultura para que lle informe das súas dúbidas.

O Sr. Queiro Pérez, quere agradecer á área de Turismo da Deputación a concesión da subvención pero quere saber en que se van a gastar os 81.501 euros da subvención.



A Sra. Alcaldesa informa que son dúas actividades (Asalto e Feira do Libro e Murais) as que se van a realizar e o concello aporta o 20% en cada unha delas.

Rematado o turno de intervencións, pásase a votación do asunto e o Pleno do Concello por unanimidade dos seus membros presentes, acordo aprobar a proposta de acordo en todos os seus termos.

4º. Ditame sobre solicitude de bonificación do ICIO solicitada por Proyectos Climáticos de Galicia, SL, por mor das obras de construción de edificación industrial destinada a almacén de empresa instaladora de climatización e frío industrial, situada na parcelas P-4 do parque empresarial. Exp. 2025/X999/000127

Polo secretario en réxime de acumulación dáse lectura ao ditame emitido pola Comisión informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, o venres 18 de xullo de 2025, que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame sobre solicitude de bonificación do ICIO solicitada por Proyectos Climáticos de Galicia, SL por mor das obras de construción de edificación industrial destinada a almacén de empresa instaladora de climatización e frío industrial, situada na parcela P-4 do parque empresarial.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 18/06/2025, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: bonificación do ICIO solicitada por Proyectos Climáticos de Galicia, SL por mor das obras de construción de edificación industrial destinada a almacén de empresa instaladora de climatización e frío industrial, situada na parcela P-4 do parque empresarial

Visto expediente núm. 2025/X999/000127 promovido por Proyectos Climáticos de Galicia, SL, representada por D. Sergio Ferrín Leis, no que solicita a bonificación da cota do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), para as obras de construción de edificación industrial destinada a almacén de empresa instaladora de climatización e frío industrial, situada na parcela P-4 do parque empresarial de Vimianzo, en base ao establecido no artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora de dito imposto.

Consta no expediente o informe emitido polo tesoureiro, na data do 10 de xuño de 2025 e no que se di o seguinte:

"Exp. 2025/X999/000127

ASUNTO: Bonificación do 95% do ICIO en relación ás obras de construción de edificación industrial destinada a almacén de empresa instaladora de climatización e frío industrial na parcela P4 do PARQUE EMPRESARIAL DE VIMIANZO

INFORME DE TESOURERÍA

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal



ANTECEDENTES

- Providencia da Alcaldía do 09/06/2025 sobre emisión de informe correspondente en relación á bonificación da cota do ICIO (dirixida aos servizos económicos).

- Ordenanza Fiscal núm. 16, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo (BOP núm. 300 do 31 de decembro de 2007 e BOP núm. 105 do 31 de maio de 2024):

"Artigo 6.º.-Bonificacións e deducións. .../..."

6.2. Establecese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se instalen no Polígono Industrial de Vimianzo. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse unha memoria da construción a realizar e memoria da iniciativa empresarial proxectada pormenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo. .../..."

De conformidade co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia citada e en cumprimento do disposto no artigo 172 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico do Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, en relación co expediente citado de acordo co establecido no artigo 5.2 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional, atribúe á Facenda Municipal a función de xestión e recadación, que inclúe, entre outras, a xefatura dos servizos de xestión de ingresos e recadación, emito o seguinte,

INFORME

PRIMEIRO: Artigo 2º (Ordenanza fiscal núm. 16).- Suxeitos pasivos

Suxeito pasivo: PROYECTOS CLIMATICOS DE GALICIA CIF. B70234075

SEGUNDO: Artigo 6.2 (Ordenanza fiscal núm. 16).- Bonificacións e deducións

Referente a "Coa solicitude deberá achegarse unha memoria da construción a realizar e memoria da iniciativa empresarial proxectada pormenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo".

Consta no expediente 2025/U022/000007 a solicitude de concesión de licenza municipal de obras para construción de edificación industrial destinada a almacén de empresa instaladora de climatización e frío industrial na parcelas P4 do parque empresarial de Vimianzo que segundo o proxecto de instalación ten un orzamento de execución material de 480.000,00 EUROS e estando pendente de resolver a concesión e a bonificación da cota do ICIO.

Consta no expediente 2025/X999/000127 a Memoria explicativa de actuación asinada con data 04/06/2025 polo promotor e no Expositivo 3 pormenoriza os aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo seguintes:

"3.- PLANTILLA DE PERSONAL

Para el normal desarrollo de la actividad se prevé, inicialmente, la creación de TRES puestos de trabajo directo, que sumados a los DOCE actuales, formarán una plantilla de QUINCE personas."

TERCEIRO: Bonificación do 95% do ICIO



A declaración de interese ou utilidade municipal correspóndelle ao PLENO da Corporación e co voto favorable da maioría simple dos seus membros e se lle aplicaría unha BONIFICACIÓN do 95% do Imposto sobre Construción Instalacións e Obras do Concello de Vimianzo.

E para que así conste, para o expediente da súa razón, asino en Vimianzo e na data que consta na marxe.
O Tesoureiro
(documento asinado electronicamente)"

Vista a Ordenanza fiscal nº 16 reguladora do "Imposto de construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo", cuxa actual redacción é a publicada no BOP Nº 105, do 31 de maio de 2024, que no apartado segundo do artigo 6º establece a seguinte bonificación:

"6.2. Establecese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se instalen no Polígono Industrial de Vimianzo. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordase, previa solicitude do interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse unha memoria da construción a realizar e memoria da iniciativa empresarial proxectada pormenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo."

Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar de especial interese municipal as obras de construción de edificación industrial destinada a almacén de empresa instaladora de climatización e frío industrial, situada na parcela P-4 do parque empresarial de Vimianzo.

SEGUNDO.- Recoñecer a Proyectos Climáticos de Galicia, SL, representada por D. Sergio Ferrin Leis, unha bonificación do 95% da cota do ICIO para as obras de construción de edificación industrial destinada a almacén de empresa instaladora de climatización e frío industrial, situada na parcela P-4 do parque empresarial de Vimianzo.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao interesado e dar traslado dunha certificación aos servizos municipais correspondentes para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que asino en Vimianzo
A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez"

Sometida a votación do asunto, a comisión informativa de contas, facenda e orzamentos, unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable á proposta de acordo."

Pásase a votación do ditame e o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o ditame en todos os seus termos.

5º. Ditame sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 2025/SC/04, na modalidade de suplemento de crédito. Exp. 2025/T002/000022



Polo Sr. Interventor dáse conta do expediente de modificación de créditos núm. 2025/SC/04 na modalidade de suplemento de crédito por áreas de gasto que ten un importe total de 400.000,00 euros, que foi ditaminado pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, o venres, 18 de xullo de 2025, que se reproduce a continuación:

"2. Proposta de ditame sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm.2025/SC/04, na modalidade de suplemento de crédito. Exp. 2025/T002/000022.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 10 de xullo de 2025, que se transcribe literalmente:

PROPOSTA DE ACORDO

1	Expediente - Expedientes de Tedec - Expedientes nº	2025/T002/000022 2025/SC/04
---	---	--------------------------------

Visto que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, faise preciso a modificación de créditos do Orzamento en vigor na modalidade de suplemento de crédito financiado con remanente de crédito para gastos xerais.

Visto que o informe de Intervención.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2025/SC/04, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais para os seguintes gastos:

- 136 22104 Servizo de prevención e extinción de incendios Vestiario.
- 136 22699 Servizo de prevención e extinción de incendios Outros gastos diversos.
- 151 22699 Urbanismos Outros gastos diversos.
- 1532 22199 Pavimentación de vías públicas Outros subministroos.
- 161 22799 Abastecemento domiciliario de auga Outros traballos por empresas.
- 334 22699 Promoción cultural Outros gastos diversos.
- 334 22799 Promoción cultural Outros traballos por empresas.
- 337 22699 Inst. Ocupación e tempo libre. Outros gastos diversos.
- 337 22799 Inst. Ocupación e tempo libre Outros traballos por empresas.
- 341 22699 Promoción e fomento do deporte Outros gastos diversos.
- 453 22199 Estradas Outros subministroos.
- 453 22699 Estradas Outros gastos diversos.
- 453 22699 Estradas Outros traballos por empresas.
- 912 22300 Órganos de goberno Asistencias concelleiros



- 920 22199 Adm xeral Outros subministroos.
- 920 22799 Adm xeral Outros traballos por empresas
- 920 23020 Adm xeral Dietas do persoal non directivo.

O expediente de modificación de créditos do vixente Orzamento municipal adopta a modalidade de suplemento de crédito, de acordo co seguinte detalle:

	GASTOS			INGRESOS	
	Aplicación Orzamentaria		Importe	Aplicación Orzamentaria	Importe
1	136	22104	2.000,00 €	87000	400.000,00 €
2	136	22699	20.000,00 €		
3	151	22699	20.000,00 €		
4	1532	22199	40.000,00 €		
5	161	22799	28.000,00 €		
6	334	22699	250.000,00 €		
7	334	22799	25.000,00 €		
8	337	22699	15.000,00 €		
9	337	22799	10.000,00 €		
10	341	22699	25.000,00 €		
11	453	22199	50.000,00 €		
12	453	22699	30.000,00 €		
13	453	22799	30.000,00 €		
14	912	23300	20.000,00 €		
15	920	22199	25.000,00 €		
16	920	22799	30.000,00 €		
17	920	23020	5.000,00 €		
	TOTAL		400.000,00 €	TOTAL	400.000,00 €

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.



A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

Sometida a votación do asunto, a comisión informativa de contas, facenda e orzamentos, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable a proposta de acordo.”

Pásase a votación do ditame e o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o ditame en todos os seus termos.

6º. Ditame sobre a designación de festivos locais para o ano 2026. Exp. 2025/X999/000137

O secretario en réxime de acumulación dá lectura sucinta ao ditame emitido pola Comisión informativa de Asuntos Xerais, o venres, 18 de xullo de 2025, que se reproduce a continuación:

“1. Proposta de ditame sobre a designación de festivos locais apra o ano 2026. Exp.2025/X999/000137.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 30 de xuño de 2025, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: designación de festivos locais para o ano 2026. Exp.2025/X999/000137

Visto o Decreto 46/2025, do 9 de xuño, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2026, publicado no Diario Oficial de Galicia, núm. 117, do 20 de xuño de 2025.

Visto o escrito con RE núm. 202590000000974, de data 26 de xuño de 2025, remitido polo Departamento Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración no que dan traslado das festas laborais da Comunidade Autónoma de Galicia, así como das estatais, que se prevén para o ano 2026 e no que solicita que se remita antes do 01/09/2025 a comunicación dos dous días que teñen carácter de festas locais deste concello para o ano 2026.

Tendo en conta o establecido no art. 37.2 do estatuto dos traballadores, así como no art. 45 do RD 2001/1983, do 28 de xullo, sobre a regulación da xornada de traballo, e xornadas especiais.

Á vista do exposto, propónse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Determinar como días festivos locais para o ano 2026 no termo municipal de Vimianzo os seguintes:

- 22 de xaneiro (San Vicente)
- 10 de agosto (festas de verán)



SEGUNDO. - Comunicar o presente acordo ao Departamento Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que asino, en Vimianzo

A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)"

Sometida a votación do asunto, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable a proposta de acordo."

Pásase a votación do ditame e o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o ditame en todos os seus termos.

7º. Ditame sobre a prórroga do contrato administrativo para a concesión de obra pública coa finalidade de construír e explotar o nomeado "Parque eólico singular O Barrigoso" de Vimianzo. Exp. 2025/C006/000001

O secretario en réxime de acumulación dá lectura sucinta ao ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, o venres, 18 de xullo de 2025, que se reproduce a continuación:

"3. Proposta de ditame sobre a prórroga do contrato administrativo para a concesión de obra pública coa finalidade de construír e explotar o nomeado "Parque eólico singular O Barrigoso" de Vimianzo. Expediente TEDeC 2025/C006/000001.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 15 de xullo de 2025, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: Prórroga do contrato administrativo para a concesión de obra pública coa finalidade de construír e explotar o nomeado "Parque eólico singular O Barrigoso" de Vimianzo. Expediente TEDeC 2025/C006/000001.

Visto o contrato administrativo para a concesión de obra pública coa finalidade de construír e explotar o nomeado "Parque eólico singular O Barrigoso" de Vimianzo, asinado o 30/06/2004, coa empresa Eyra, S.A. (CIF A81798787), cun prazo de concesión da explotación de 20 anos contados dende a posta en servizo ou funcionamento das instalacións do parque eólico singular.

Vista a solicitude, con RE núm.202599900001210, de 12/06/2025, presentada por Energías Ambientales de Outes, S.L., con CIF B15862725 (concesionaria actual por autorización de data 22/02/2012), no que solicitan a prórroga da concesión en virtude do establecido no art. 263 da Lei 13/2003, por un prazo de 5 anos, ao non superar o prazo sinalado no art. 263 da referida lei.

Visto o informe emitido polo secretaría 15/07/2025, que sinala: **"INFORME XURÍDICO:**

ASUNTO: PRÓRROGA CONTRATO ADMINISTRATIVO DE CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA "PARQUE EÓLICO SINGULAR O BARRIGOSO".

EXPTE: 2025/C006/000001.



Emítese o presente informe por ser preceptivo en relación con este asunto conforme dispón a Disposición Adicional 3.8 da LCSP, en relación co artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo; 92.bis.1.a) da LBRL e artigo 54 do TRRL entre outros.

Lexislación aplicable:

- - Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo de 26 de febrero de 2014 sobre Contratación Pública y por la que se deroga la Directiva 2004/18/CE.
- - Reglamento de Ejecución (UE) 2016/7 de la Comisión, de 5 de enero de 2016, por el que se establece el formulario normalizado del documento europeo único de contratación.
- - Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público -LCSP 2017-.
- - Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas -RGLCAP-.
- Ley 7/85 de 2 de abril - LBRL-.
- Real Decreto Legislativo 2/2000 de 16 de xuño - TRLCAP-.
- Lei 13/2003 de 23 de maio reguladora do Contrato de Concesión de Obra Pública - LCOP-.

Antecedentes de feito:

- O 18 de maio de 2004, o Pleno do Concello de Vimianzo adxudica o contrato de concesión de obra pública citado á empresa EYRA (Energías y Recursos Ambientales, S.A.).

- O 30 de xuño de 2004 formalízase o contrato, coas seguintes características nos que atañe ó contido deste informe:

- Canón fixo anual de 70.000 euros aumentando anualmente segundo o IPC.

- Canon variable do 6% da facturación anual total, IVE excluído.

- Prazo da concesión da explotación de 20 anos, a contar desde a posta en funcionamento e comezo da facturación da enerxía eléctrica do parque Barrigoso, hito que se produce o 1 de agosto de 2005.

- O 22 de febreiro de 2012, autorízase o cambio de concesionario a favor de Energías Ambientales de Outes, S.A.

- O 9 de xuño de 2025, solicítase prórroga da concesión por un prazo adicional de 5 anos.

Consideracións xurídicas:

PRIMEIRA.- Estamos ante un suposto de prórroga dun contrato de concesión de obra pública, adxudicado e formalizado a principios do presente século, polo que cabe determinar o seu réxime xurídico de aplicación á vista da normativa transitoria da actual LCSP.

O réxime xurídico de aplicación a esta prórroga por tanto, sería o contemplado no Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro e no TRLCAP, dacordo ó previsto na Disposición Transitoria 1.2 da LCSP que establece que los contratos administrativos adjudicados con anterioridad a la entrada en vigor de la presente Ley se regirán, en cuanto a sus efectos, cumplimiento y extinción, incluida su modificación, duración y régimen de prórrogas, por la normativa anterior.



En calquera procedemento que afecte á fase de execución dos contratos administrativos como é o caso, atopámonos ante aspectos de carácter sustantivo, material, respecto a casuística de aplicación, e aspectos formais, procedimentais, polo que é pertinente sinalar cal é a normativa de emprego para esta dicotomía.

Así, de xeito reiterado o Consello Consultivo de Galicia, na súa sección de ditámenes e na reunión de 13 de febreiro de 2019, acordo un interpretar a Disposición Transitoria Primeira. 2 da LCSP, no senso de que a remisión á normativa anterior cinguese, a aspectos sustantivos, regulándose os aspectos procedimentais pola nova normativa.

Do mesmo xeito se pronuncia a xurisprudencia puidendo facer referencia á STS de 11 de xullo de 2024, nº de recurso 4289/2021.

Polo tanto, haberá que aplicar a LCSP respecto ó procedemento para levar a cabo a prórroga, non habendo un ad hoc, debendo ser en todo caso, como xa determinaba o artigo 67.1 do TRLCAP, expresa, sen que quepan as prórrogas tácitas, adoptándose antes da finalización da duración do contrato polo órgano de contratación e sendo obrigatoria para o contratista sempre que estivera prevista no documentación preparatoria do contrato e se preavisara con dous meses de antelación a finalización do contrato, art. 29.2 da LCSP.

Amáis, as características do contrato, deberán permanecer inalterables na prórroga que se acorde, xa que non estamos ante unha novación contractual, nin ante un novo contrato, senón ante á continuación do mesmo por razóns de interese público e o principio de continuidade do servizo e cláusula de progreso das instalacións e maquinaria que o executa.

Respecto o sentido do silencio ante a petición de prórroga realizada, éste sería en todo caso negativo á vista do disposto na Disposición Final 4ª.2 da LCSP.

SEGUNDA.- DA PRÓRROGA:

Como xa expusen, estamos ante un acto administrativo de continuidade do servizo, sen que poidan alterarse os requisitos esenciais do contrato orixe, debendo adoptarse de forma expresa.

Así, xa o informe da JCCA do Estado indicaba que "...las prórrogas tácitas, admisibles conforme a la legislación anterior, deben ser rechazadas una vez entrada en vigor la nueva redacción del artículo 67 de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas [se refiere a la LCAP], al resultar un contrasentido -se afirma que el segundo informe citado- que un contrato celebrado con anterioridad a su entrada en vigor pudiese continuar produciendo sus efectos indefinidamente en virtud de prórrogas tácitas. Además, la prórroga del contrato es una renovación del mismo por un nuevo período, por lo que debe considerarse nuevo contrato, lo que impone que, al producirse durante la vigencia del actual artículo 67.1 de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, el consentimiento contractual que la prórroga implica haya de ser necesariamente expreso."

E entre outra, a JCC de Cataluña, no seu informe 4/99 de 30 de setembro, aclaraba respecto as características do contrato sustento da prórroga que "La prórroga de un contrato implica que se prolonga durante un tiempo determinado después de la fecha de finalización. La prórroga del contrato no modifica ninguno de sus elementos esenciales y no comporta novación, sino que se amplía la duración y, si procede, de acuerdo con las previsiones del contrato se actualiza el precio con la aplicación de la cláusula de revisión correspondiente.

Se puede afirmar que no se trata de un contrato nuevo, sino de la ampliación de la duración de un contrato previo. Así, se mantienen las partes contratantes, el objeto, el precio y el conjunto de derechos y obligaciones establecidos en el pliego de cláusulas administrativas."



Dito isto, o Contrato de Concesión de Obra Pública foi definido e delimitado pola Lei 13/2003 de 23 de maio que introdujo o Título V no Libro II do TRLCAP do ano 2000, dispoñendo respecto a duración e prórroga dos contratos de concesión de obra pública o seguinte no seu artigo 263:

1. Las concesiones de construcción y explotación de obras públicas se otorgarán por el plazo que se acuerde en el pliego de cláusulas administrativas particulares, **que no podrá exceder de 40 años.**

.....

3. Los plazos fijados en los pliegos de condiciones podrán ser prorrogados de forma expresa hasta el límite establecido respectivamente en los apartados anteriores y reducidos de acuerdo con lo previsto en esta ley.

Dentro das obrigas do concesionario, atopanse ás de conservar as instalacións e adecuálas e modernizalas ás evolucións e necesidades técnicas actuais para o seu correcto funcionamento, como establecen a cláusula 18.6ª do PCAP do contrato e o artigo 243.d) e g) do TRLCAP.

De non adoptar o acordo de prórroga polo órgano de contratación, estaríamos ante unha causa de extinción do contrato, art. 24.a) do PCAP e 111 e 261 do TRLCAP, revertendo as obras e instalacións ó concello de Vimianzo, previa acta de comprobación, coas consecuencias de continuar dita xestión cos medios persoais e materiais propias a todas vistas insuficientes, e sen perxuízo de manter de forma ilegal e en precario a prestación do citado servizo.

En conclusión, considero que danse razóns de interese público e xeral, para dar continuidade ó contrato de concesión de obra pública polo prazo solicitado, 5 anos, dada a coxuntura peculiar e casuística tecnolóxica do mesmo, puidendo adoptar polo órgano de contratación acordo de senso positivo á solicitude.

Asímesmo, debería publicarse o correspondente acordo no Perfil do Contratante, e remitirse ó Rexistro Público de Contratos segundo o artigo 346.3 da LCSP.

TERCEIRA.- GARANTÍA DEFINITIVA: En relación ó reaxuste da garantía definitiva, estamos ante un tema suxeito a controversia e con informes diversos dos órganos consultivos das CCAA.

Se atendemos ás finalidades destas garantías no artigo 110 da LCSP, vemos que responde da correcta execución das prestacións e por tanto, de aprobarse a prórroga polo órgano de contratación suponse que así sería.

É dicir, que sen estar ante un novo contrato, sí que estamos ante unha nova fase de execución e da interpretación literal do artigo 109.3 da LCSP relativo ó reaxuste de garantías, únicamente produciríase no caso de modificacións que varíen o prezo orixinal que non é o caso.

Nesta liña resolve a IGAE en informe de 21 de outubro de 2004 polo que se resolve consulta en relación co posible reajuste da garantía definitiva nos supostos de prórroga de contrato de servizos en base a informe da Junta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Economía e Facenda de 21 de decembro de 2000:

La interpretación literal del transcrito artículo 42 de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas obliga a descartar su aplicación a los supuestos de prórroga del contrato sin alteración de sus condiciones económicas, pues es evidente que, aunque la prórroga pudiera incluirse en el término genérico de modificación, no existe precio nuevo resultante de su prórroga, con el cual deba guardar la debida proporción.

La interpretación literal del precepto viene confirmada con la interpretación sistemática del mismo, ya que siendo la finalidad de la garantía definitiva asegurar la correcta ejecución del contrato y consistiendo, por regla general, en el 4 por cien del importe de adjudicación, la garantía definitiva despliega sus efectos durante todo el período de duración



del contrato, incluídas sus prórrogas, y no puede ser devuelta o cancelada, según resulta del artículo 47 de la Ley , hasta que se apruebe la liquidación del contrato, liquidación que no puede tener lugar durante la ejecución, aunque sea en período de prórroga del mismo.

En definitiva, se quiere resaltar que en los supuestos de prórroga sin alteración del precio del contrato, la finalidad decisiva que persigue la legislación vigente es la de que la garantía definitiva despliegue sus efectos durante el período de prórroga, dado que la misma no puede considerarse, de conformidad con la legislación vigente, un supuesto de nuevo contrato, sino el propio primitivo que sigue produciendo sus efectos durante el período de prórroga.

Ello permite concluir, a sensu contrario, que en los supuestos de prórroga con alteración del precio del contrato deberá adecuarse la garantía definitiva, al objeto de mantener la debida proporción con el precio vigente, criterio que comparte este Centro Fiscal y que aparece asimismo confirmado por la doctrina del Tribunal Supremo en la que se pone de manifiesto que la prórroga supone una modificación del contrato, concretamente en el ámbito temporal (vid STS 2 de abril de 1996).

En conclusión, non procede o reaxuste á non producirse variación de prezos.

CUARTA- O órgano competente para acordar a prórroga é o órgano de contratación, o Pleno da corporación conforme á Disposición Adicional 2ª.1 da LCSP, órgano encargado da formalización do contrato primitivo.

Conclusión:

A vista da documentación obrante no expediente e as apreciacións verquidas, infórmase favorablemente a presente prórroga do contrato citado, sempre que así o considere o órgano de contratación no seo das súas facultades discrecionales.

O acordo podería conter o seguinte teor literal:

PRIMEIRO.- Acordar de xeito expreso a prórroga do contrato administrativo de Concesión de Obra Pública e explotación do “Parque Eólico singular O Barrigoso”, polo prazo solicitado de 5 anos a contar desde a data de finalización do seu período de duración, 1 de agosto de 2025, quedando polo tanto prorrogado ata o 1 de agosto do ano 2030.

SEGUNDO.- Notificar este acordo para os seus efectos oportunos, ó contratista e avalista do contrato citado.

TERCEIRO.- Publicar este acordo no perfil do contratante do Concello de Vimianzo e remitilo ó Rexistro Público de Contratos.

O Secretario

Ante mín, A Alcaldesa

Francisco Javier Novoa Juiz

Mónica Rodríguez Ordóñez

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Primeira da LCSP, ao respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais.

Por todo o exposto, elévase ao Pleno do concello, previo ditame da Comisión informativa de Asuntos Xerais, a seguinte proposta de acordo:



PRIMEIRO.- Acordar de xeito expreso a prórroga do contrato administrativo de Concesión de Obra Pública e explotación do “Parque Eólico singular O Barrigoso”, polo prazo solicitado de 5 anos a contar desde a data de finalización do seu período de duración, 1 de agosto de 2025, quedando polo tanto prorrogado ata o 1 de agosto do ano 2030.

SEGUNDO.- Notificar este acordo para os seus efectos oportunos, ó contratista e avalista do contrato citado.

TERCEIRO.- Publicar este acordo no perfil do contratante do Concello de Vimianzo e remitilo ao Rexistro Público de Contratos.

O que asino en Vimianzo,

A alcaldesa,
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)”

Sometida a votación do asunto, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable a proposta de acordo.”

Pásase a votación do ditame e o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o ditame en todos os seus termos.

8º. Ditame sobre moción presentada polo grupo municipal do BNG sobre a situación do idioma propio de Galicia e a adopción de medidas para a súa normalización

Polo secretario en réxime de acumulación dáse lectura ao ditame emitido pola Comisión informativa de Asuntos Xerais, o venres 18 de xullo de 2025, que se reproduce a continuación:

“4. Proposta de ditame sobre a moción presentada polo grupo municipal do BNG sobre a situación do idioma de Galicia e a adopción de medidas para a súa normalización.

Dáse conta do escrito con RE núm.202599900001061, de data 20/05/2025, presentado polo voceiro do BNG, xunto co que se achega moción relativa á situación do idioma propio de Galicia e á adopción de medidas para a súa normalización, que na súa parte de acordos, sinala: “(...) *1.Reafirmarnos na defensa da lingua galega, patrimonio colectivo de incalculábel valor, e no seu dereito inalienábel a ser coñecida e usada pola poboación en calquera circunstancia e lugar, sen discriminación de ningún tipo.*

2. O pleno do concello acorda adherirse á plataforma Queremos Galego!, entidade social ampla conformada por colectivos de diferentes ámbitos e por persoas a título individual, que nace da vontade de articular unha ampla resposta popular a prol da lingua propia do noso pobo, o galego; de defensa e afirmación dos usos públicos e dereitos lingüísticos xa garantidos pola actual lexislación; e de progresiva normalización naqueles espazos onde o idioma de noso non goza aínda da presenza desexada. En coherencia con esa decisión. O Concello apoiará activamente as iniciativas soicais promovidas desde esta Plataforma.(...)”



Sometida a votación do asunto, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable a proposta de acordo.

Aberto o turno de intervencións, a Alcaldía concede a palabra ao voceiro do BNG, Sr. Queiro Pérez que expón a moción do contido do epígrafe.

Logo da exposición, o voceiro do grupo mixto-PP, Sr. Rodríguez Blanco intervéñen para manifestar que está basicamente de acordo no contido da moción pero opina que son as redes sociais e as novas tecnoloxías as que fan que o uso do galego descenda entre os xóvenes. Pregunta tamén se a adhesión á plataforma Queremos Galego supón algún gasto para o concello.

Intervén a continuación a Sra. Alcadesa para manifestar que o seu grupo vai a votar a favor da moción, indica que Vimianzo é un exemplo no uso do idioma e que con respecto á plataforma Queremos Galego, indica que o concello xa está adherido nun acto en Santiago con motivo das Letras Galegas.

Rematado o turno de intervencións, pásase a votación do asunto e o Pleno do Concello por unanimidade dos seus membros presentes, acordo aprobar o ditame en todos os seus termos.

9º. Ditame sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2025. Exp. 2025/A008/000046

O secretario en réxime de acumulación dá lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, o venres, día 18 de xullo de 2025, que se reproduce a continuación:

“1. Proposta de ditame sobre a aprobación do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2025. Exp. 025/A008/000046.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 15/07/2025, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2025. EXP.2025/A008/000046.

Tendo en conta as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 2/2025” da Deputación Provincial da Coruña, (RE 202500000002015), no que comunican que a cantidade total asignada ao Concello de Vimianzo ascende 382.649,24 euros, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, previo ditame preceptivo da comisión informativa de obras e urbanismo, a seguinte proposta de ditame:

“ 1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:



A) Financiamento de gastos correntes: (Só cando proceda)

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2025, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2025 base ou POS+Adicional 3/2025	0,00 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e NON solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
--	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
--	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
--	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

Investimentos financeiramente sostibles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
Pavimentación de rúa no lugar de Berdoias do Concello de Vimianzo	203.137,47 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	203.137,47 €
Rede de saneamento no núcleo de Figaredo do Concello de Vimianzo	179.511,77 €	18.699,52 €	0,00 €	18.699,52 €	198.211,29 €
TOTAL	382.649,24 €	18.699,52 €	0,00 €	18.699,52 €	401.348,76 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2025 2ª FASE	Deputación	Concello			
		Concello	IVE soportado deducible	Total concello	Orzamento Total
Gastos correntes do 2025 distintos dos	0,00 €				0,00 €



solicitados no Plan Base (Só cando proceda)					
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2025	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	382.649,24 €	18.699,52 €	0,00 €	18.699,52 €	401.348,76 €
TOTAL	382.649,24 €	18.699,52 €	0,00 €	18.699,52 €	401.348,76 €

2.- Declarar que o concello ten e/ou se esta tramitando a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto e/ou se esta tramitando todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O que asina en Vimianzo,
A alcaldesa,
Mónica Rodríguez Ordoñez
(documento asinado electrónicamente)"

Sometida a votación do asunto, a Comisión Informativa de Obras e urbanismo, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable a proposta de acordo."

A continuación a Sra. Alcaldesa explica as características dos dous proxectos que se inclúen no POS+adicional 2/2025 e quere agradecer aos veciños as cesións feitas que son necesarias para a execución dos proxectos.



O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Queiro Pérez opina que aínda hai moitos núcleos que non teñen rede de sumidoiro e fai referencia ao camiño fluvial dos Muiños de Grixoa que aínda non se fixo nada nese punto e indica que o concello de Vimianzo segundo datos de Facenda é o penúltimo da comarca en investimento por habitante.

A Sra. Alcaldesa manifesta que aínda que os recursos son limitados o concello está licitando obras por importe de cerca de 3 millóns de euros, que non hai ningún concello na comarca que adique todo o POS a obras e que o concello non ten débeda e conta cun remanente de perto de 2 millóns de euros, así como que se están mellorando os saneamentos do concello dentro das posibilidades económicas do concello.

Pásase a votación do ditame e o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o ditame en todos os seus termos.

B) Sección de control

10º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

O Secretario en réxime de acumulación dá conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas dende o día 26-05-2025 con número 754/2025 ata o día 18-07-2025 con número 1066/2025.

O Pleno do Concello douse por enterado.

11º. Mocións de urxencia.

Non constan.

12º. Rogos e preguntas.

A Sra. alcaldesa indica que por parte dos voceiros dos grupos políticos municipais poden facer os rogos ou preguntas que estimen pertinentes, que serán contestadas na seguinte sesión ordinaria.

O voceiro do grupo mixto-PP, Sr. Rodríguez Blanco, pregunta en relación coa obra de Baíñas se se vai a seguir ou non con ela.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Queiro Pérez fai as seguintes preguntas/rogos:

1.- A estrada provincial DP 1603 no lugar de Cereixo está en mal estado, sobre todo na zona onde ten formigón, quere saber as xestións que se fan para resolver este asunto.

2.- No parque infantil que está a beira do cuartel da Garda Civil están a producirse incidentes con algún balonazo dos nenos maiores que impacta nos nenos máis pequenos. Propón a instalación dunha pequena cancha de fútbol protexida para evitalos, así como a colocación dunha mesa para tenis de mesa.



3.- En Torelo están a levarse a cabo actuacións nas beirarrúas e pregunta se van a seguir ata Santa Irena. Propón a construción de beirarrúa entre Santa Irena e Torelo.

4.- En Baíñas na saída en dirección a Oliveira, a beirarrúa remata no cruce do Val, os veciños cederon terreo para ampliar a estrada e o concello prometeulles a construción dunha beirarrúa nunha lonxitude de 500 metros.

5.- En Bamiro o transporte escolar ten dúas paradas diferentes para o colexio e para o instituto. Os pais preguntan se se pode instar á Consellería para que os dous autobuses escolares do colexio e do instituto fagan as paradas no mesmo sitio.

6.- En Colúns as obras de saneamento están provocando que a recollida de augas pluviais se mezclen con augas das cociñas, o que fai que agora no verán ao chover menos as tuberías provoquen malos olores, poderíase prolongar a tubaxe un 30 metros para intentar non perxudicar aos veciños dunha casa e darlle saída no último pozo.

7.- En Trasouteiro propón a limitación de velocidade e a instalación de bandas sonoras que eviten a gran velocidade dos vehículos.

8.- Na humanización das rúas Castelao e Antonio Vázquez Mouzo de Vimianzo, os comerciantes queixanse da escasa rotación de vehículos e da carencia de aparcamentos. Propón a limitación dos estacionamentos a un tempo máximo de 1,30 horas para os non residentes e que se habilite unha praza para carga/descarga e tamén para os usuarios de mobilidade reducida.

A Sra. Alcadesa a continuación, resposta ás preguntas plantexadas na anterior sesión ordinaria.

Preguntas plantexadas polo voceiro do grupo mixto-PP:

Obras da estrada de Baíñas ao Sisto: Están rematadas en aglomerado ata a ponte de Quitande.

Limpeza da franxa na finca da Pachanca: Fíxose unha limpeza autorizada e exhaustiva moi profunda con tubería de gran tamaño.

Talude de Padreiro: Está a Deputación facendo as obras é cuestión do departamento técnico da Deputación.

Cámaras de seguridade na base do Grumir: Instaláronse cámaras previa elaboración dun expediente e en espazos municipais.

Preguntas plantexadas polo voceiro do grupo municipal do BNG:

Bamiro, camiño da Costa: O BNG xa preguntou por este camiño que é certo que está en mal estado e ten falta de arranxo, é necesario facelo pero vanse arranxando pouco a pouco e dependendo das necesidades e prioridades.



Orbellido: Tívoise unha reunión cos veciños e xa se arranxou o camiño pero éste non ten cunetas polo que non hai espazo. Nese camiño cae moita auga e se non se fan cunetas é imposible arranxalo porque se desfai todo polo tipo de maquinaria que circula polo camiño. Se non se fan cesións para facer cunetas é moi difícil o arranxo, estase estudando a maneira de facelo pero é moi difícil porque a auga desfaino.

Baldosas de Berdoias: Xa foron arranxadas.

Licitación do contrato do lixo: Tívoise unha reunión entre os departamentos do Concello. É un tema complexo tecnicamente e xuridicamente. Hai vontade do grupo de goberno de licitar o servizo, incluso se contratou cunha empresa externa para asesoramento.

PXOM: Empezouse a estudar o enfoque do PXOM dende o punto de vista urbanístico e financeiro no concello. Existen outras prioridades.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 10:47 horas, a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como secretario en réxime de acumulación redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O secretario en réxime de acumulación
Constantino Cobas Cotelo